

DEREITOS ENCADEADOS

Con esta actividade traballamos

Coiñecer certos conceptos importantes sobre alimentación, auga e dereitos.
Os ODS 1, 2, 3, 6 e 12.

Durará

Unha sesión

Ciclos 2, 3

Consideracións previas

Esta actividade pode funcionar como previa para traballar o tema.
Deben traballarse dúas liñas de dereitos e as conexións entre eles:

Liña 1: Alimentación, Saúde e Educación.

Liña 2: Auga, Saúde e Educación.

Agrupar a clase nun número par de grupos, de maneira que cada unha das liñas poida ser traballada por varios grupos.

Os grupos deben atopar relacións entre os dereitos da súa liña, cantas máis, mellor. As relacións deben ser razoables e xustificadas.

Un exemplo podería ser:

Auga potable relaciónase con colleitas adecuadas e gando san, que implican unha boa alimentación. Isto leva a unha boa saúde e mellores posibilidades de ter unha aprendizaxe adecuada.

Desenvolvemento

Dividir aos nenos e nenas en grupos. A cada un dos grupos asígnaselles unha das liñas de traballo.

Explicar os dereitos que van traballar, para que queden perfectamente claros.

Explicar logo que deben crear relacións entre os dereitos da liña que lles tocou. Dalgunha maneira, deben contestar sempre a estas preguntas:

- Como están relacionados os tres dereitos entre si?
- Se un dereito se cumpre ou non, de que maneira afecta aos outros?

Deixar un tempo para que os grupos traballen. Despois, cada un dos grupos explica as relacións que expuxeron entre os dereitos.

Unha vez completada toda a rolda, reflexionar sobre o sentido da actividade a través de preguntas como:

- Erades conscientes das relacións que se dan entre os diversos dereitos?
- Que nos chamou máis a atención do que traballamos? Por que?